

Publicación/Exposicións

Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, afonda na figura de Novoneyra

'O seu labor foi esencial'

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Máis que un creador, Uxío Novoneyra foi para o poeta ourensán Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), un amigo e un mestre. "Cando un coñece así ao autor, os Días das Letras Galegas son un día de gozo, pero tamén, á vez son tempos de recordo mesmo da propia biografía persoal". Sánchez Iglesias debulla nesta conversa a vertente literaria e humana de Novoneyra, que exerceu durante quince anos a presidencia da AELG. "Hoxe", di, "non se entendería a historia desta asociación sen a figura de Uxío Novoneyra". Lembra ademais que "nos Galeuscas (que eran as reunións de escritores galegos, vascos e cataláns) era o que representaba a Galicia e a cultura galega e, realmente, era un orgullo telo alí como presidente".


Esta entidade ten entre mans unha serie de proxectos para renderlle homenaxe neste ano. Entre eles, unha reedición ampliada do volume *Uxío Novoneyra. A emoción da terra* (2005) e un roteiro literario do escritor, en colaboración coa Deputación de Lugo.

¿Qué supuxo o labor de Novoneyra ao fronte da AELG entre 1982 e 1999?

Foi fundamental para a existencia da AELG. Foi unha presidencia de máis da metade dos anos de vida da asociación, que no 2010 cumpre trinta anos. Eran momentos realmente moi difíciles que seguían á autonomía galega, o país foi evolucionando nos distintos eidos e a asociación foi collendo determinado peso na sociedade galega grazas a unha persoa de altura humana e poética e a un verdadeiro referente cultural, que era e segue a ser. Para a xeración dos que eramos máis novos era un mestre literariamente, pero tamén no humano, un verdadeiro amigo. Iso levou a que aglutinara a todos os escritores e a que, dalgunha maneira, asumira nas súas costas o peso de representar a un colectivo que tivo e ten tanta importancia para a cultura dun país.

Literariamente, ¿que destacaría da súa figura?

Para min é algo máis que un creador, foi un amigo porque sentín verdadeiro cariño e afecto por el e pola súa familia xa dende os tempos de Lugo, antes de que viñera a vivir a Santiago de Compostela. E no literario tamén foi un mestre para min porque as súas conversas eran como estar a falar coa memoria do propio país. O convivio con el significaba escoitar falar da historia de Galicia, da historia literaria, de persoas coas que el convivira e que nós xa non chegamos a coñecer... E, ao mesmo tempo, para min foi tamén un referente en canto a que era unha persoa



moi culta e que coñecía a literatura universal. E isto nuns tempos, despois da transición, nos que estabamos iniciando a construción dunhas mínimas institucións no país.

O autor ourensán Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Ademais era unha persoa que construíra unha obra literaria, que a todos nos deslumbraba coas súas lecturas que son para non esquecer. Eran fermosísimas, sentíase un abrazado pola palabra de Uxío Novoneyra. Por iso, para a miña xeración, a dos 80, Uxío Novoneyra era como un irmán maior que nos falaba de país e avós literarios que nós non chegamos a coñecer ou que cando os coñecemos, xa eran moi maiores. El coñecía a Maside, a Otero, a Fole... dalgunha maneira para nós era, como pode ser para un rapaz novo de hoxe, unha biblioteca chea de libros e ademais co compoñente do afecto, da amizade sinxera.

Como poeta, ¿de qué maneira se sentiu influído por el?

A min personalmente influíume moito. Influíanos en tanto que nos abría as portas de lecturas que el tiña, era un home que coñecía moito a literatura oriental, a chinesa, os clásicos gregos... Quero dicir que coñecía non só aos escritores que había no momento, senón tamén aos máis clásicos como, por exemplo, os autores sultis, como Rumi, a quen lía e relía con moitísima frecuencia. De feito, nunha das miñas viaxes a Turquía, dende Konya, que é onde está enterrado Rumi, mandeille unha postal para que vise como era a tumba do seu admirado Rumi. Para min non sería posible entender a miña xuventude sen a figura de Novoneyra. Os da nosa xeración fomos uns afortunados de ter a homes como Uxío, como Manuel María, como Avilés de Taramancos, ou como o propio Bernardino Brañas, que foi o presidente fundador da asociación.

¿Teñen previsto na AELG algún acto de homenaxe a Novoneyra?

Nós fixemos un número especial sobre el hai cinco anos que pensamos reeditar a finais de ano moi aumentado, con documentación súa, con discursos... Creo que nos discursos de Novoneyra como presidente da AELG é onde está depositado todo o seu pensamento cultural, social, político... o seu pensamento sobre Galicia. E, logo, en colaboración coa Deputación de Lugo estamos a elaborar un roteiro literario con poemas seus. Pero digamos que a responsabilidade da AELG será a defensa e posta en valor da súa obra máis alá do 2010, que é un ano fundamental e importante, pero cando temate esta asociación seguirá, xunto con outras moitas institucións de seguro, a pór en valor a obra de Novoneyra.

A AELG celebra os seus 30 anos

Neste 2010 a AELG cumpre 30 anos e vén de festexalo na Cea das Letras celebrada o 17 de abril en Santiago, na que se entregaron os galardóns que anualmente concede a asociación. Nesta edición resultaron premiados Manuel Bragado polo seu blog literario *Brétemas*, Xesús Alonso Monteiro en ensaio, Agustín Fernández Paz en literatura infantil-xuvenil, Manuel Rivas no apartado á mellor traxectoria, Cid Cabido en narrativa, Luz Pozo en poesía,



Un dos momentos do acto de entrega dos premios da AELG 2010.

Rubén Ruibal en teatro e Bartug Aykam e María Alonso en tradución. Ademais o arxentino Juan Gelmán recibiu a pluma de "Escritor

Galego Universal", mentres que o premio das institucións foi para o Salón de Libro de Pontevedra. "Hoxe a AELG (con 390 socios) forma

parte das institucións establecidas do noso país" di o seu presidente Cesáreo Sánchez. E matiza que se existe é "porque existen asociados moi activos. Ten que ser unha asociación de escritores sempre nova e sempre a renovarse. Nos actos que organizamos participan anualmente un 60-70% dos asociados, o que evidencia a capacidade de mobiliza-

ción que temos".

A provincia ourensá ten tamén o seu protagonismo na AELG. "Ourense sempre foi unha terra moi fértil en escritores e malia que a asociación ten a súa sede na Coruña, procuramos, na medida das nosas posibilidades, levar obradoiros de creación literaria e outros actos a todas partes, tamén a Ourense. O que é certo é que moitos dos escritores ourensáns estamos pola costa, pero pola nosa parte procuramos reequilibrar, buscando ter relación co interior".